

**PRETO** DE 400.000 GALEGOS QUE CARECÍAN DE COBERTURA XA PODEN ACCEDER Á REDE

# Internet exténdese polo rural galego

■ O Plan de Banda Larga 2010-2013, que está a desenvolver a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, conseguiu que máis de 393.000 galegos que carecían de cobertura a mediados do ano pasado poidan acceder á Internet. Coas actuacións postas en marcha ata agora, en colaboración cos operadores Telefónica, R e Iberbanda e o apoio do operador público Retegal, o Plan está a cumprir os obxectivos marcados estendendo o acceso a Internet no rural galego así como a implantación de Redes de Nova Xeración con velocidades de 100Mbps fóra das sete grandes cidades galegas.

A boa acollida destas actuacións reflíctese no número de altas en servizos de internet rexistradas grazas ao Plan. Así, entre xaneiro e novembro de 2011 foron máis de 45.700 os fogares galegos que contrataron servizos de acceso á rede, o que supón unha media diaria de 137 altas e máis de 360 cidadáns accedendo á Rede por primeira vez cada día.

Cómpre recordar que, a principios de 2010 antes do comezo do Plan, había en Galicia 786.000 persoas sen acceso á Rede. Grazas aos avances do Plan, desde mediados de 2010, reduciuse a porcentaxe de galegos sen cobertura en máis da metade.

O ano pasado a diferenza media na dispoñibilidade de acceso á banda larga entre as provincias do interior e as do eixo atlántico pasou dun 20% a un 10% e a previsión é que en 2011 esta porcentaxe diminúa ata un 5,5 por cento.

**INTERNET DE CALIDADE**  
Conseguíuse garantir a cobertura de internet de calidade a máis da metade dos parques empresariais e polígonos con carencias de cobertura e posibilitar o acceso de calidade a internet á maior parte dos puntos de demanda estratéxica para a administración (centros educativos, de saúde, xulgados de paz, etc.) sen banda larga.

O despregamento de redes do Plan é clave para pro-



O presidente da Xunta, Núñez Feijóo, na presentación do Plan de Banda Larga 2010-2013.

porcionar as infraestruturas que permitirán avanzar na administración electrónica e en proxectos innovadores de sanidade, educación e xustiza.

O Plan contempla seis actuacións das que xa se puxeron en marcha 5: a implantación de redes fixas, sen fíos, de nova xeración (con velocidades de 100Mbps), a extensión da tecnoloxía 3G e a potenciación do operador público Retegal que está a poñer a disposición dos restos dos operadores a súa infraestrutura favorecendo a competencia. Para levar a cabo as actuacións, a Xunta de Galicia investiu máis de 81 millóns de euros cos que mobilizarán máis 247 millóns de euros entre capital público e privado.

Un dos obxectivos do Plan é incentivar o desenvolvemento das redes máis punteiras con velocidades de 100Mbps. Unha actuación que a Administración autonómica realiza en colaboración co operador R Cable e Telecomunicacións de Gal-

## 11.000 NÚCLEOS CUBERTOS EN 2013

Para mellorar a cobertura de internet no rural a Xunta está a colaborar con Telefónica en dúas accións. Por unha banda, no despregamento de redes fixas de alta velocidade que garantan a capacidade de acceso a Internet de banda larga nos núcleos sen cobertura con maior demanda de servizo e por outra coa implantación de tecnoloxía 3G. Coa extensión de redes fixas Telefónica posibilitou xa que case 90.000 persoas de máis de 310 núcleos, que ata agora non contaban con cobertura dispoñan da posibilidade de acceso a un servizo de banda larga de calidade cunha velocidade mínima de 6 Mbps. Para completar a cobertura no rural a Xunta puxo en marcha o pasado mes de setembro, tamén en colaboración con Telefónica, unha nova acción para posibilitar a conexión a Internet a máis de 250.000 de máis de 11.000 núcleos de poboación sen acceso á Rede entre 2011 e 2013, de feito a día de hoxe xa contan con cobertura máis de 70.000 habitantes de máis de 2.600

núcleos. Con esta acción, a quinta das previstas no Plan, cumprírase o obxectivo de que o 94% dos galegos teñan acceso a Internet en 2013. A porcentaxe restante cubrirase vía satélite. Ademais de cumprir este obxectivo esta nova acción, que se realizará en colaboración co operador Telefónica, mellorará a cobertura de datos en mobilidade de 728.000 habitantes do rural e garantirá a cobertura de telefonía móbil nas grandes vilas e cidades e nas autoestradas e autovías da Comunidade.

A solución tecnolóxica de Telefónica para o despregamento de Banda Larga en zonas rurais é a UMTS/ 3G na banda de 900 Mhz. Entre as principais características da tecnoloxía UMTS-3G, destaca a súa estabilidade e a súa escalabilidade, é dicir, a súa capacidade para aumentar progresivamente a velocidade de descarga de datos. As previsións dos operadores indican que en 2014 o maior volume de acceso a Internet provirá de dispositivos móbiles.

**A XUNTA DE GALICIA  
ESTÁ A INVESTIR NO  
PLAN DE BANDA  
LARGA 2010-2013  
MÁIS DE 81  
MILLÓNS DE EUROS**

cia S.A para o despregamento de redes de nova xeración nos núcleos de máis de 500 habitantes que, dispoñendo de cobertura de banda larga, presenten unha alta demanda de servizo, excluíndo os principais núcleos de

poboación das sete grandes cidades.

Deste xeito, o operador R posibilitará a finais del exercicio 2011 o acceso a redes de nova xeración, e por tanto, con velocidade de 100Mbps, a máis de 291.000 habitan-

## ReDe

Para que os usuarios poidan consultar o estado de cobertura de internet que lles está a proporcionar o Plan de Banda Larga no seu núcleo de poboación a Secretaría Xeral de Modernización habilitou o Rexistro de Demandantes ReDe. Esta aplicación informática está dispoñible na páxina da Secretaría Xeral <http://imit.xunta.es>.

O obxectivo de ReDe é manter informados aos cidadáns dos avances do Plan de Banda Larga a través dunha ferramenta visual e accesible para calquera perfil. ■

tes de 100 núcleos de poboación fóra das grandes cidades.

En total, tendo en conta ás grandes cidades, a finais de 2011 haberá máis de 900.000 galegos con acceso a estas redes. ■

**A XUNTA** FACILITA O ACCESO A REDE DE MÁIS DE 3.000 FAMILIAS CON POUCOS RECURSOS



Máis de 3.000 familias galegas recibirán unha subvención para contratar o servizo de internet nos seus fogares.

# Axudas para contratar internet

■ A Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica puxo en marcha un programa de axudas para que as familias galegas con menos recursos económicos poidan acceder a internet nos seus fogares. O orzamento do programa para 2012 é superior aos 570.000 euros e permitirá subvencionar a contratación deste servizo a máis de 3.000 familias. Así se recolle nun convenio de colaboración asinado entre a responsable do departamento autonómico, Mar Pereira, o director de Administracións Públicas do Territorio Norte de Telefónica, Manuel Alonso, e o conselleiro delegado de R, Arturo Dopico. Ambos operadores se presentaron á convocatoria aberta publicada o pasado mes de xuño para participar na iniciativa como entidades colaboradoras.

Os beneficiarios destas axudas serán as familias residentes en Galicia, que teñan unha renda per cápita igual ou inferior a 9.000 e que soliciten unha nova alta de acceso aos operadores R e Telefónica como entidades colaboradoras na iniciativa. Para poder acceder á

subvención, será condición obrigatoria que no domicilio non houbera contratada ningunha conexión a Internet no momento de efectuar a solicitude nin polo menos tres meses anteriores á publicación da convocatoria de axudas. Os interesados en acollerse a estas axudas poderán tramitalas a través dos operadores a partir do 2 de xaneiro.

**AS AXUDAS PROMOVIDAS POLA XUNTA ESTÁN DIRIXIDAS ÁS FAMILIAS RESIDENTES EN GALICIA CUNHA RENDA PER CÁPITA IGUAL OU INFERIOR A 9.000 EUROS**

O programa establece a concesión dunha única subvención por unidade familiar do 40% do custe da tarifa mensual de conexión a Internet a partir do segundo mes de servizo e ata completar un ano, cunha contía máxima de 180 e condicionado á permanencia no servizo durante ese período. A alta de liña e o importe dunha cota mensual será asu-

mido pola entidade colaboradora.

As operadoras de telecomunicación colaboradoras, R e Telefónica, serán as encargadas da tramitación das axudas. Para iso, a Xunta puxo a súa disposición unha plataforma telemática para garantir unha xestión totalmente electrónica das subvencións.

Segundo datos do INE o

custo da conexión é a terceira causa aducida en Galicia para non contratar o servizo de Internet no fogar. Este programa de axudas busca reducir as barreiras económicas de entrada ao uso da banda larga mediante apoios económicos de cara á contratación deste servizo para seguir axudando aos colectivos máis desfavorecidos e así garantir a igualdade de oportunidades no acceso á información..

Xunto coa eliminación da barreira económica a Xunta está a traballar na superación doutras dúas barreiras: a das infraestruturas de Telecomunicación co Plan de Banda Larga co que xa se reduciu nun terzo a poboación sen acceso a Internet na Comunidade; e a da formación, coa posta a disposición da cidadanía de instrumentos para o acceso as novas tecnoloxías.

Estas medidas intégranse nas actuacións da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal, a folia de ruta do Goberno galego en materia tecnolóxica para integrar as TIC na sociedade galega e eliminar a fenda dixital en Galicia. ■



Arturo Dopico, Mar Pereira e Manuel Alonso, na firma do convenio.